




O CAMBIO SEMÁNTICO E AS PALABRAS INVARIABLES



"O crebacabezas do significado" (Pixabay, CC0)



ÍNDICE

O CAMBIO SEMÁNTICO E AS PALABRAS INVARIABLES

1. O CAMBIO SEMÁNTICO.....	1
1.1 Causas.....	1
<i>Exercicios</i>	2
2. AS PALABRAS INVARIABLES.....	3
2.1 Adverbio.....	3
2.2 Preposición.....	3
2.3 Conxunción.....	4
<i>Exercicios</i>	4
SOLUCIÓN.....	6

1. O CAMBIO SEMÁNTICO

Cando unha palabra perde, modifica ou adquire algún significado falamos de **cambio semántico** ou de significado. Pero, por que mudan os significados?

A medida que as sociedades evolucionan hai palabras ou significados que deixan de ser útiles, por exemplo por designaren realidades que xa non existen. Noutros casos atopámonos coa necesidade de ter que crear novas palabras ou significados.

Por exemplo, analicemos o significado da palabra *rato* no dicionario da RAG:

rato

substantivo masculino

1 Pequeno roedor da familia dos múridos, de cor gris ou parda e rabo delgado e longo, do que existen diversas especies, algunhas delas propias das casas e outras do campo.

Os ratos roéronlle o saco para comer a fariña.

2 Informática Dispositivo manual que permite localizar na pantalla un punto e actuar sobre el e que se manexa desprazándoo sobre unha superficie plana ou ben pode estar incorporado ao teclado.

Mercou un rato sen fíos para o ordenador portátil.

3 (*Scomberesox saurus*) Peixe da subclase dos acantopterixios duns corenta e cinco centímetros, corpo alongado, mandíbulas aguzadas, a superior máis curta ca a inferior, falsas aletas detrás da caudal e da anal, e cor azulada polo dorso e prateada polos flancos e o ventre.

Os alumnos souberon recoñecer peixes como o rato, a maragota ou a pescada.

► SINÓNIMOS **alcrique, alpabarda, chandarme, pataguillón**

"Definición rato" (RAG)

A segunda das acepcións recolle un significado informático da palabra *rato* que acolleu esta palabra no momento en que aparece na sociedade o mundo da informática e as novas tecnoloxías. Neste caso podemos dicir que a palabra *rato* ampliou o seu significado.

1.1 Causas

A entrada ou saída de novas palabras ou significados nas linguas está motivada por diferentes causas:

- **Estranxeirismos:** influencia estranxeira e introdución de préstamos doutras linguas. Ultimamente son moi habituais os anglicismos (préstamos do inglés). Exemplos: *ticket, hobby*...
- **Neoloxismos:** ao aparecer novas realidades é necesario crear novas palabras. Por exemplo: *informática, intelixencia artificial*...
- **Lingüísticas:** mudanzas derivadas da evolución lingüística, por exemplo, a tendencia a economizar (reducir os elementos e palabras). Exemplos: (*teléfono*) *móbil*>*móbil*, *tarxeta postal*>*postal*...



- **Históricas:** cambios no significado dalgunhas palabras por evolución histórica da sociedade. Por exemplo, a palabra *azafata* significaba en orixe 'persoa en servizo da raíña', hoxe en día perdeu ese significado e modificouse por 'persoa que atende ao público'.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Coa axuda do dicionario da RAG e a rede procura o equivalente galego dos seguintes anglicismos:

- a) software
- b) parking
- c) camping
- d) kit
- e) fail

Exercicio 2

Procura estas palabras relacionadas coa informática no dicionario e analiza os seus cambios semánticos, coma no exemplo.

Exemplo:

Rato

Significaba 'pequeno roedor da familia dos múridos, de cor gris ou parda e rabo delgado e longo' e coa tecnoloxía adquiriu o significado de 'dispositivo manual que permite localizar na pantalla un punto e actuar sobre el e que se manexa desprazándoo sobre unha superficie plana ou ben pode estar incorporado ao teclado'.

- a) Virus
- b) Nube
- c) Rede

2. AS PALABRAS INVARIABLES

As palabras invariables son aquelas categorías gramaticais que non varían nin en xénero, nin en número. Isto quere dicir que non podemos flexionar o masculino ou feminino nin o plural ou o singular, teñen unha única forma.

Por exemplo, a palabra *amigo* pode flexionar ao feminino (*amiga*) e/ou ao plural (*amigos, amigas*), é variable. Pola contra, a palabra *rapidamente* non pode variar, permanece sempre igual, é invariable. Podémolo ver en contexto:

O meu *amigo* veu *rapidamente*.

Os meus *amigos* viñeron *rapidamente*.

Así, estas palabras son: os adverbios, as preposicións e as conxuncións.

2.1 Adverbio

Os **adverbios** son palabras que modifican e matizan o significado dun verbo, un adxectivo ou outro adverbio.

- MOD de verbo: **Sempre** fai os exercicios.
- MOD de adxectivo: Esa rapaza é **moi** intelixente.
- MOD de adverbio: Non volvas **nunca** máis.

Segundo o seu significado podemos facer unha clasificación.

Lugar	<i>adiante, aí, alí, aquí, arriba, atrás, cerca, lonxe, diante, embaixo, fóra...</i>
Tempo	<i>acotío, agora, aínda, antes, ás veces, asemade, axiña, cando, daquela...</i>
Modo	<i>ben, mal, peor...</i> ,e todos os rematados en -mente (<i>amablemente...</i>).
Cantidade	<i>algo, dabondo, bastante, case, máis, moi, moito, pouco, tanto, xusto...</i>
Afirmación	<i>abofé, si, tamén, xaora...</i>
Negación	<i>non, tampouco...</i>
Dúbida	<i>acaso, seica, quizais, talvez...</i>

2.2 Preposición

As **preposicións** serven de enlace entre dúas palabras. Por exemplo: *Mesa **de** madeira*.

Algunhas preposicións son: *a, agás, ante, ata, baixo, con, contra, de, desde, durante, en, entre, excepto, mediante, onda, para, perante, por, segundo, sen, sobre, tras, xunta...*

As **locucións preposicionais** son varias palabras das que unha é unha preposición e xuntas cumpren a mesma función. Por exemplo: *Senteime **a carón da** ventá.*

Algunhas locucións son: *á beira de, a través de, antes de, arriba de, cara a, debaixo de, en fronte de...*

2.3 Conxunción

As **conxuncións** son palabras que serven para unir elementos coa mesma función: frases ou oracións. Serven de NEXO. Poden ser coordinadas (dous elementos no mesmo nivel sintáctico) ou subordinadas (dous elementos un dependente do outro).

- Coordinada: *Ana fixo o resumo **e** Antón expuxo o tema.*
- Subordianda: *Díxome **que** viña mañá.*

Se analizamos as conxuncións coordinadas podemos facer a seguinte clasificación.

Copulativas (enlazan)	<i>e, nin...</i>	<i>El e eu somos curmáns. Non come, nin deixa.</i>
Disxuntivas (unen dous opostos)	<i>ou...</i>	<i>Prefires ir ao cine ou ao teatro?</i>
Distributivas (distribúen)	<i>ou...ou; ora...ora</i>	<i>Ou estudas ou traballas. Ora ri, ora chora.</i>
Adversativas (contrastan)	<i>pero, mais...</i>	<i>Cheguei cedo, mais non estabas. É verán pero vai frío.</i>

As **locucións conxuntivas** son un grupo de palabras que cumpren a mesma función ca as conxuncións (*e mais, para que xa que, aínda que...*).



EXERCICIOS

Exercicio 3

Indica os adverbios con estes significados. Podes axudarte do dicionario.

- a) En todo o período de tempo considerado, en todo momento, a cada instante:
S_____



- b) En ningún momento ou tempo, ningunha vez: N_____
- c) Serve para incluír en algo que xa se expresou, con sentido positivo, unha idea ou cousa que pode ser semellante ou distinta: T_____
- d) De maneira correcta, que é como debe ser: B__
- e) A unha gran distancia dun observador ou dun punto que se toma como referencia: L_____

Exercicio 4

Substitúe as preposicións destas oracións por locucións preposicionais que teñan o mesmo significado.

por causa de - a través de - a carón de

- a) Non ceamos **por** chegar tarde.
- b) Conseguiu a entrada **mediante** un amigo.
- c) O coitelo colócase **onda** o garfo.

Exercicio 5

Completa as oracións coas seguintes conxuncións:

pero – nin – ou –ora...ora

- a) Choverá non choverá?
- b) Non entrega os exercicios vén á clase.
- c) ri, chora.
- d) Cheguei tarde conseguín aparcar.



SOLUCIÓN

Exercicio 1

- a) *software*: soporte lóxico.
- b) *parking*: aparcadoiro.
- c) *camping*: campamento.
- d) *kit*: equipamento.
- e) *fail*: erro.

Exercicio 2

- a) Virus

Significaba 'microorganismo invisible co microscopio óptico, que actúa como axente infeccioso e que pode reproducirse como parasito no interior de células vivas, ás que acaba destruíndo' e coa informática adquiriu o significado de 'serie de instrucións que, introducidas de forma parasita no disco dun ordenador, poden destruír ou alterar os datos'.

- b) Nube

Significaba 'masa de vapor de auga que se forma principalmente cando as correntes de aire fan que ascenda a humidade da atmosfera, provocando o seu arrefriamento e condensación' e coa informática adquiriu o significado de 'espazo virtual para o almacenamento, xestión e procesamento de datos e información aloxados en Internet a través de servidores remotos'.

- c) Rede

Significaba 'tecido formado por mallas de diversos tamaños e materiais, en especial aquel que se emprega para pescar' e coa informática adquiriu o significado de 'conxunto de equipos informáticos conectados entre si para intercambio de información; Internet'.

Exercicio 3

- a) En todo o período de tempo considerado, en todo momento, a cada instante: **SEMPRE.**
- b) En ningún momento ou tempo, ningunha vez: **NUNCA.**
- c) Serve para incluír en algo que xa se expresou, con sentido positivo, unha idea ou cousa que pode ser semellante ou distinta: **TAMÉN.**



- d) De maneira correcta, que é como debe ser: **BEN**.
- e) A unha gran distancia dun observador ou dun punto que se toma como referencia: **LONXE**.

Exercicio 4

- a) Non ceamos **por causa de** chegar tarde.
- b) Conseguiu a entrada **a través dun** amigo.
- c) O coitelo colócase **a carón do** garfo.

Exercicio 5

- a) Choverá **ou** non choverá?
- b) Non entrega os exercicios **nin** vén á clase.
- c) **Ora** ri, **ora** chora.
- d) Cheguei tarde **pero** conseguín aparcar.